

NORMATIVA DE MATRÍCULA, ELABORACIÓN E DEFENSA DO TRABALLO FIN DE GRAO DO GRAO EN VETERINARIA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(Aprobado pola Xunta de Facultade o 8 de xullo de 2016)
(Aprobado polo Consello de Goberno o 3 de marzo de 2017)

Preámbulo

O *Real decreto 1393/2007* do 29 de outubro (BOE 30/10/2007) e posteriores modificacións establecen a regulación dos traballos de fin de grao. O Real decreto indica no artigo 12 que as ensinanzas de grao concluirán coa elaboración dun traballo de fin de grao (en adiante TFG) que terá entre 6 e 30 créditos ECTS, deberá realizarse na fase final do plan de estudos e estar orientado á avaliación das competencias asociadas ao título.

Na *Orde ECI/333/2008* do 13 de febreiro (BOE 15/02/2008), pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de veterinario, indícase que o TFG será unha materia transversal cuxo traballo se realizará asociado a distintas materias.

No *Plan de Estudos do Grao en Veterinaria* da Universidade de Santiago de Compostela, considérase o TFG como unha materia obrigatoria de 6 créditos ECTS que se cursará no último semestre do título.

O 2 de maio de 2013, o Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela aprobou a *Normativa de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao na USC*. O 10 de marzo de 2016, esa normativa foi revisada e modificada polo *Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Máster na USC*, para adaptala aos novos Estatutos da USC e incorporar todas as melloras recomendadas nos informes de seguimento e renovación de acreditación de títulos. No Artigo 1 do Regulamento indícase que os centros elaborarán as normativas propias das titulacións das que son responsables, adaptándose a ese Regulamento e axustándoas ás características propias de cada título.

Artigo 1. Obxecto

Regular o proceso de realización e presentación do TFG no Grao en Veterinaria na Universidade de Santiago de Compostela.

Artigo 2. Natureza do Traballo de Fin de Grao

2.1 O TFG consistirá na elaboración por parte do estudante, de forma individual, dun proxecto, traballo, memoria ou estudo orixinal no que se integren e desenvolvan os coñecementos, capacidades, competencias e habilidades adquiridos durante os estudos do Grao en Veterinaria. Estará relacionado cos contidos do Grao en Veterinaria e incluírá, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, elaboración de resultados relevantes, redacción, e presentación e defensa do traballo.

2.2. Considéranse 4 modalidades de TFG:

- TRABALLO DE REVISIÓN BIBLIOGRÁFICA. Consistirá na elaboración dun traballo argumentado sobre a actualidade dun tema.
- TRABALLO EXPERIMENTAL, que poderá ser, á súa vez, un traballo de investigación ou un traballo de carácter profesional. Poderá desenvolverse en departamentos, laboratorios ou centros universitarios, así como en centros e empresas colaboradoras.
- TRABALLO DE DIVULGACIÓN. Tratará dun tema científico de interese social dirixido ao público xeral.
- TRABALLO DE CASOS CLÍNICOS INÉDITOS. Consistirá no estudo e avaliación de novos casos referidos a calquera especie estudada no Grao en Veterinaria.

Artigo 3. Órgano do centro encargado da xestión do TFG

3.1. O centro deberá designar un/ha coordinador/a de TFG e unha Comisión do Traballo de Fin de Grao (en adiante CTFG), da que deberá formar parte o/a coordinador/a de TFG. A CTFG será a encargada de atender todas as cuestións propias do desenvolvemento desta materia.

3.2. A CTFG estará composta polos seguintes membros:

- O/a vicedecano/a de Ordenación Académica que presidirá a CTFG.
- O/a secretario/a da Facultade de Veterinaria que será o coordinador/a da materia e actuará como secretario/a.
- O/a administrativo/a da Secretaría do Decanato.
- Dous profesores ou profesoras que serán elixidos por sorteo cada curso académico de entre os titores/as docentes.

- Un alumno/a elixido/a por sorteo cada curso académico de entre os representantes do alumnado na Xunta de Facultade.

3.3. A CTFG terá as seguintes competencias:

- Propoñer anualmente a guía docente. Establecer a convocatoria anual e fixar cada curso académico o calendario da materia.
- Supervisar os sistemas de titorización e aprobar a proposta de traballo.
- Decidir sobre a modificación de temas e/ou titor/a asignado.
- Nomear os tribunais de avaliación.
- Autorizar a presentación dos traballos nos casos excepcionais, nos termos expresados na normativa xeral da USC.
- Resolver as incidencias graves relativas a esta materia.
- Calquera outra que lle encomende a Xunta de Facultade.

3.4. A Xunta de Facultade aprobará a guía docente e os períodos de entrega e defensa dos TFG, que se publicarán xunto coa convocatoria oficial de exames de cada curso académico.

Artigo 4. Matrícula e convocatorias

4.1. A matrícula do TFG realizarase dentro do prazo xeral de matrícula que estableza a universidade, mediante o aboamento dos prezos públicos que correspondan conforme aos créditos que teña asignados. A matrícula realizarase nos prazos establecidos para a matrícula ordinaria, conxuntamente coas materias que teña pendentes de superar para completar os estudos de Grao.

4.2. Para poder formalizar a matrícula do TFG o alumnado poderá ter pendentes como máximo 75 créditos para completar os estudos, excluídos os correspondentes ao TFG.

4.3. O alumnado de intercambio poderá matricularse desta materia. O seu réxime será o establecido no Regulamento de Intercambios da USC.

4.4. Os TFG entregados só poderán ser defendidos e avaliados unha vez que se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, salvo os correspondentes ao propio traballo. O centro verificará que se cumpre este requisito para autorizar a súa defensa. Para estes efectos, no caso de que na data de defensa aínda non se recibisen todas as actas das materias, o/a secretario/a do centro solicitaralle ao profesorado encargado destas, que informe das cualificacións do alumnado que entregase o TFG nesa convocatoria.

4.5. A matrícula dará dereito á defensa do traballo en dúas oportunidades en calquera das convocatorias oficiais do curso no que estea matriculado, sempre que cumpra os requisitos para a súa avaliación, e reportara os prezos públicos establecidos.

4.6. Os traballos deberán entregarse e defenderse nos períodos fixados polo calendario académico anual.

4.7. O número máximo de convocatorias que poderá consumir o alumnado será de catro, e poderá contar con dúas oportunidades por curso académico. A obtención de non presentado nalgunha das oportunidades ou en todas computarase para os efectos de consumir a convocatoria. Para poder presentarse a unha nova convocatoria será necesaria a formalización de nova matrícula.

4.8. Unha vez formalizada a matrícula, non procederá a devolución dos prezos aboados no caso de non presentarse. No suposto de que o/a alumno/a non reúna os requisitos para presentar o traballo por ter materias pendentes, considerarase unha renuncia automática polo que non computará para os efectos de consumir convocatoria.

Artigo 5. Do titor/a docente, a súa asignación e a elección do tema de traballo

Titor/a docente

5.1. Cada TFG deberá ter un titor/a docente que oriente ao estudante na realización do traballo. O titor/a planificará sesións co estudante nas que establecerá a programación das tarefas que debe realizar. Será responsabilidade do titor/a emitir un informe confidencial sobre o seguimento do traballo antes da súa defensa. Este informe será tido en conta polo tribunal avaliador.

5.2. Por razóns xustificadas, e se a CTFG o estima oportuno, poderase designar un cotitor/a, ou excepcionalmente dous cotitores.

5.3. Cada titor/a poderá asumir a titorización dun máximo de 5 alumnos/as por curso académico. No caso de cotitorización cada alumno computará a metade.

5.4. O titor/a e os cotitores serán persoal docente e investigador (PDI) das áreas que impartan docencia no Grao en Veterinaria.

5.5. Excepcionalmente tamén poderán ser cotitores profesores/as da USC que se atopen en situación de servizos especiais, comisión de servizos, eméritos ou *ad honorem* e profesores doutras universidades, ou persoal con vinculación permanente a organismos públicos de investigación (OPI) e profesionais especializados. Non poderán ser cotitores, o persoal de administración e servizos, salvo nos supostos de consideración como profesionais, nin o

persoal contratado con cargo ao capítulo VI, agás que posúan titulación de máster ou teñan unha titulación que se corresponda co nivel 3 do MECES. No caso de cotitorización de persoal alleo á USC (área externa), con carácter previo a realizar a cotitoría, deberá comunicarse esa circunstancia á vicerreitoría con competencias na materia a través do servizo correspondente, indicando a súa dedicación.

5.6. Os traballos poderanse desenvolver parcialmente no marco de convenios con empresas ou institucións. Nestes casos, a matrícula realizarase na USC pero poderase designar un cotitor/a que poderá ser persoal do centro ou institución na que se desenvolva o traballo. En todo caso, a defensa e avaliación dos traballos deberá realizarse na USC.

5.7. O recoñecemento dos labores de titorización e avaliación do TFG farase nos termos previstos na Normativa de Programación Académica Anual da USC.

5.8. O centro e os departamentos con docencia na Facultade asegurarán a dispoñibilidade de titores suficientes para cada curso académico. Con tal fin, a partir dos datos recollidos no PDA, a CTFG fará unha estimación do número de titores necesarios, incrementado nun 10%, para cada curso, e establecerá o número mínimo de titores que lle corresponde presentar a cada Área de Coñecemento, que será proporcional ao número de créditos impartidos no Grao en Veterinaria. Para o devandito cálculo, non se terán en conta: i) o TFG, ii) as materias do módulo de prácticas tuteladas, iii) as materias optativas. Tamén quedan excluídos os departamentos con dous ou menos créditos impartidos. Os departamentos enviarán a lista de titores (ou cotitores, de ser o caso) e temas dos traballos á CTFG.

5.9. O departamento ao que estea adscrito o titor/a será responsable da súa substitución, temporal ou permanente, no caso de que se produza unha baixa prolongada ou finalice a súa relación contractual coa USC.

Asignación do titor/a e elección do tema de traballo

5.10. Os estudantes matriculados no TFG solicitarán a asignación dun titor/a. Para iso, cada estudante cubrirá un formulario, no que priorizará os titores dispoñibles por orde de preferencia, dirixido ao Decano da Facultade, e entregarao na Secretaría do centro. A asignación realizarase tendo en conta as preferencias expresadas, utilizando como criterio de asignación a nota media do expediente académico. Unha vez asignados os titores, os estudantes terán que contactar con eles co fin de elaborar unha proposta de TFG.

O alumno presentará a proposta de traballo na Secretaría do centro, que será revisada e, de ser o caso, aprobada pola CTFG. Cada proposta deberá incluír os seguintes aspectos:

- Título do traballo
- Titor/a ou titores do traballo

- Breve descripción do contido
- Sinatura do estudante e do titor ou cotitores

5.11. A adxudicación de titor/a, así como a elección de modalidade e contido, terá validez ata que se defenda o TFG. O estudante e/ou o titor/a e/ou os cotitores poderán solicitar a anulación da asignación da proposta ou o cambio de título ou modalidade desta mediante escrito razoado remitido á CTFG. A CTFG analizará o caso e tomará unha decisión.

Artigo 6.- Tribunal de avaliación

6.1. Para cada curso académico, unha vez finalizado o prazo de matrícula, a CTFG nomeará un tribunal por cada 20 estudantes matriculados.

6.2. Cada un dos tribunais estará formado por tres membros (presidente, secretario e vogal) e os seus respectivos suplentes, que serán elixidos mediante sorteo entre todo o PDI que imparta docencia no Grao en Veterinaria. Exercerá a función de presidente/a o membro do tribunal de maior categoría e antigüidade, e o de secretario/a, o de menor categoría e máis novo.

6.3. A selección realizarase de maneira que en cada tribunal (comisión titular e suplente) haxa un profesor/a do módulo de Ciencias Básicas, un de Ciencias Clínicas e Sanidade Animal e un de Producción Animal e Hixiene, Tecnoloxía e Seguridade Alimentaria.

6.4. A participación nos tribunais é obrigatoria para as persoas nomeadas, agás causa de forza maior debidamente acreditada. A actuación como membro titular do tribunal, exclúe da participación no sorteo ata que de forma rotatoria todos os membros de cada módulo tomasen parte. Cando un suplente actúe como titular, quedará eximido do devandito sorteo se participa na avaliación de, polo menos, o 40% dos traballos.

6.5. Os estudantes serán asignados aos diferentes tribunais por orde alfabética tras o sorteo da primeira letra. No caso de que un alumno vaia ser xulgado por un tribunal no que participa o seu titor/a, a CTFG asignaralle outro tribunal, e se isto non é posible, o membro titular será substituído, nese traballo concreto, polo seu suplente.

Artigo 7. Formato, entrega e defensa dos traballos de fin de grao

Formato da Memoria do TFG

7.1. A Memoria do TFG entregarase en formato PDF. Terá unha extensión máxima de 50 páxinas tamaño DIN A4, escrita con tipografía Times New Roman ou similar, ou a súa

alternativa en software libre, de tamaño 11 puntos e interliñado de 1,5. O peso total do arquivo non deberá exceder os 5 MB.

Non constará o nome do titor/a, e a estrutura –que dependerá da modalidade de traballo– indicárase na guía docente anual.

7.2. O resumo estará escrito en galego, castelán e inglés, e irá acompañado de palabras clave que, en número non inferior a cinco, identifiquen a temática do traballo.

Entrega da Memoria do TFG

7.3. Os alumnos/as deberán entregar a Memoria do TFG a través da aula virtual habilitada para esta materia. Para que poida ser identificado, o arquivo entregado nomearase da seguinte forma cos datos do estudante: “apelido1_apelido2_nome_TFG_20xx-20xx.pdf”.

7.4. A CTFG revisará os traballos e asegurárase de que cumpren as normas de presentación. Unha vez revisados, a CTFG encargárase de enviarlles os exemplares aos membros dos tribunais. Non se admitirán os traballos con deficiencias de forma. Nestes casos o estudante disporá dun prazo de 48 h para emendar os erros, de non facelo, a CTFG determinará se o TFG poderá ser defendido nesa convocatoria.

Acto de defensa

7.5. A defensa do TFG será realizada polo/a estudante de xeito presencial, e será pública diante do tribunal correspondente. O estudante disporá dun tempo máximo de 15 minutos para defender o seu traballo. A continuación, o tribunal poderá facer preguntas durante un tempo máximo de 15 minutos.

7.6. A defensa do traballo requirirá o informe de titorización. Os tutores/as teñen a obriga de facer chegar o seu informe asinado, segundo modelo, ao secretario/a da facultade. No caso de que cinco días antes da data de defensa algún titor/a non entregase o informe de titorización, o/a secretario/a do centro solicitará ao titor/a que envíe ese informe cunha antelación mínima de 48 h á data prevista para a defensa do TFG.

7.7. Unha vez nomeados os tribunais por parte da CTFG, o presidente de cada tribunal fará pública, coa antelación suficiente, a convocatoria da sesión na que se indicará o lugar, a hora e a orde de actuación para a defensa dos TFG.

7.8. A realización da memoria do TFG, así como a defensa, poderanse efectuar en calquera dos dous idiomas oficiais da Comunidade Autónoma.

Artigo 8. Avaliación, cualificación e revisión

8.1. Despois da defensa do TFG o tribunal emitirá a súa valoración, tendo en conta os criterios de avaliación publicados na guía docente, e atendendo aos seguintes aspectos:

- Calidade da documentación presentada: ata 5 puntos.
- Calidade da exposición e defensa do TFG: ata 4 puntos.
- Informe dos/as titores/as: ata 1 punto

8.2. Expresará a cualificación conforme á seguinte escala numérica, de 0 a 10, con expresión dun decimal, ao que se engadirá a súa correspondente cualificación cualitativa:

- Non Presentado (NP)
- 0 - 4,9: Suspenso (SS).
- 5,0 - 6,9: Aprobado (AP).
- 7,0 - 8,9: Notable (NT).
- 9,0 - 10: Sobresaliente (SB)

A mención de “Matrícula de Honra” poderá ser outorgada aos estudantes que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9,0. O seu número non poderá exceder do 5% do alumnado matriculado nesa materia no correspondente curso académico. Se o número de alumnos é inferior a 20, poderase outorgar unha Matrícula de Honra.

Esta mención só se poderá outorgar unha vez finalizadas as defensas de todos os traballos correspondentes ao curso académico. No caso de que se constituíse un único tribunal avaliador en todas as convocatorias, será este o que outorgue as matrículas de honra que correspondan. No caso de existiren dous ou máis tribunais avaliadores, será a CTFG a que outorgue estas mencións, unha vez recibidas as propostas dos diferentes tribunais.

8.3. Non será posible a superación parcial ou dun menor número de créditos que os asignados no plan de estudos para o TFG.

8.4. O alumnado ten dereito á revisión das cualificacións nas datas e horarios que para tal efecto deberán fixarse no momento de facer públicos os resultados provisionais. As datas de revisión deberán estar comprendidas dentro dos dez días seguintes á publicación dos resultados e incluírán como mínimo dúas datas opcionais. Para estes efectos o mes de agosto será inhábil e non computará neste prazo.

A revisión será persoal e poderá realizala un ou varios membros do Tribunal. En todo caso deberá quedar constancia da celebración da revisión e da data en que se realizou mediante calquera sistema que acredite a súa realización. O procedemento de reclamación contra a

cualificación será o establecido na normativa vixente relativa á avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.

Artigo 9. Xestión das actas

9.1. Elaborarase unha acta individual por cada alumno/a e traballo e para cada oportunidade na que constará o titor/a académico ou os cotitores, o tribunal avaliador e o título do traballo defendido, así como a cualificación obtida e a data de defensa. As actas estarán asinadas polos membros do tribunal. No caso de que algún membro non poida, esta circunstancia porase en coñecemento da Secretaría Xeral, e asinará a acta o coordinador/a do TFG. No caso de que isto non sexa posible, asinará a acta o profesor ou profesora que designe a Secretaría Xeral. En todos os casos, farase constar esta incidencia.

9.2. Os períodos de cobertura de actas serán os que se fixen no calendario académico oficial. No caso do programa *Erasmus Mundus*, poderanse establecer períodos diferentes de avaliación en función dos acordos debidamente acreditados entre universidades, ou do establecido nos correspondentes plans de estudos. Neste caso, deberase solicitar anualmente a correspondente autorización para a apertura de actas á Secretaría Xeral.

9.3. Finalizado o período de defensa de TFG en cada curso académico xerarase de xeito automático unha acta consolidada (acta final) para a materia de Traballo de Fin de Grao, que conterá a todo o alumnado matriculado na materia de TFG coas cualificacións que en cada caso lle corresponda polas actas individuais, non presentados, mencións e as cualificacións obtidas polos alumnos de intercambio. Estas actas serán asinadas polo/a coordinador/a do TFG.

9.4. O alumnado matriculado que non se presentase en ningunha das oportunidades, figurará na acta consolidada coa mención “non presentado”. Nesta edición da acta tamén se incorporarán as mencións de “Matrícula de Honra” conforme o establecido no artigo anterior.

Artigo 10. Dereitos do alumnado

10.1. A propiedade intelectual dos traballos correspóndelle ao/á alumno/a que o realizou.

10.2. No caso de que os traballos se realicen no marco dun contrato ou convenio con algunha entidade ou, de ser o caso, dun proxecto ou liña de investigación, os dereitos serán os recollidos nese contrato ou convenio ou os que se pacten previamente, respectando en todo caso a lexislación vixente en materia de propiedade intelectual ou industrial.

Nestes casos, e sempre que existan cláusulas de confidencialidade con empresas ou no caso de que poidan dar lugar a dereitos de propiedade industrial e intelectual que non se poidan difundir antes de estaren debidamente protexidos, actuarase do seguinte modo: entregaranse

dúas versións da memoria de TFG: a reducida, na que se eliminarán os contidos afectados polo deber de non difundir ou polo deber de segredo ou confidencialidade; e o exemplar completo, que se entregará baixo compromiso de confidencialidade. O exemplar reducido será o que se utilice para ser autorizada a súa defensa e deberá coincidir co contido da exposición e defensa pública. A versión completa entregaráselles aos membros do tribunal para a súa avaliación. O/a titor/a e os membros do tribunal deberán asinar o correspondente compromiso de confidencialidade sobre os contidos que non se poderán difundir publicamente. Se o tribunal desexa formular cuestións sobre os contidos protexidos, estas intervencións faranse nunha sesión privada, con carácter previo ou posterior á pública. O exemplar do traballo non será obxecto de publicación no repositorio institucional da USC (*Minerva*) ata que sexan realizadas as oportunas proteccións ou venza o prazo de confidencialidade.

10.3. Unha copia en formato electrónico dos traballos superados quedará depositada no centro para o seu arquivo e consulta, e poderá ser utilizada na Universidade de Santiago de Compostela para usos académicos e de investigación, sempre coa mención específica aos seus autores. Para estes efectos o alumnado asinará a correspondente autorización de difusión e a declaración de que se trata dun traballo inédito.

10.4. A CTFG poderá propoñer a publicación dos TFG que destaquen pola súa calidade no repositorio institucional da USC (*Minerva*), e en especial propoñeranse os dos/as alumnos/as que acaden a mención de Matrícula de Honra nesta materia. Os/as autores/as dos traballos propostos, co visto e praxe do/a titor/a, deberán asinar o correspondente documento para autorizar a súa difusión no que declaren que se trata dun traballo orixinal.

Artigo 11. Deberes do alumnado

11.1. Os TFG deben ser traballos orixinais de elaboración propia e deben citarse debidamente as fontes que se tiveron en conta para a súa realización.

11.2 O incumprimento do indicado no apartado anterior suporá a cualificación de “suspenso” na convocatoria e o deber do/a titor/a e do tribunal que o detecte de poñelo en coñecemento da Reitoría a efectos de iniciar as accións disciplinarias que procedan, de conformidade co artigo 16 da *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións*.

11.3. Con carácter previo á autorización da defensa, poderá realizarse unha análise automatizada de control da vulneración de dereitos de propiedade intelectual. A partir desa análise, se a CTFG considera que se vulneraron os citados dereitos, poderá denegar a defensa do traballo e aplicarase o indicado no parágrafo anterior.

DISPOSICIÓN FINAL. ENTRADA EN VIGOR

A presente Normativa entrará en vigor coa súa publicación no taboleiro electrónico da USC, logo da súa ratificación polo Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas cantas normas se opoñan a esta normativa, en particular a *Normativa pola que se regula o Traballo Fin de Grao na Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela* aprobada polo Consello de Goberno do 30 de xaneiro de 2014.